



## **O BNG DO CONCELLO DO CARBALLIÑO DENUNCIA O ESTADO DOS PASOS DE PEÓNS**

**O Carballiño, 27 de Outubro do 2020.** O BNG, Bloque Nacionalista Galego, do Carballiño volve denunciar o estado de abandono dos pasos de peóns e a desidia por parte do goberno local para cumprir a lei de seguridade vial e a lei de accesibilidade.


O fin da seguridade vial é conseguir unha mobilidade segura, no caso dos peóns, débenselle proporcionar espazos seguros para a súa mobilidade:


- Beirrarúas debidamente coidadas e accesibles para todos.
- Pasos de peóns debidamente coidados e sinalizados.
- Reducir a situación de risco do colectivo infantil como usuarios das vías mellorando a seguridade, sobre todo nos espazos próximos ós centros educativos ou deportivos.

A lei 10/2014 do 3 de Decembro de accesibilidade contempla no artigo 6 (Título I, Capítulo I, 1ª sección) e na segunda sección (Título I, Capítulo I) que as áreas peonais deben deseñarse e realizarse sendo accesibles a calqueira persoa e garantindo a súa seguridade e o seu uso non discriminatorio. Así mesmo, non podemos esquecer que o seu incumprimento está recoñecido como sanción moi grave, o que supón, multas entre 90.000 e 1.000.000€

No Concello do Carballiño o BNG demanda que se tomen medidas o antes posible, porque estas normas non se cumpren e temos un claro exemplo en:

- Pasos de peóns sen unha boa sinalización.
- Beirrarúas sen una accesibilidade axeitada, sobre todo para persoas con mobilidade reducida, carriños de nenos... ou que nin presentan unha continuidade correcta para poder camiñar sen ningún perigo.
- A falta de iluminación dalgunhas rúas







Rúa do Miño